

Regulamento de estudos propios da Universidade da Coruña

Contido

Glosario.....	4
PREÁMBULO	5
TÍTULO PRELIMINAR. Natureza dos estudos propios da UDC.....	5
Artigo 1. Estudos propios da UDC	5
Artigo 2. Marco regulamentario.....	6
Artigo 3. Finalidade e criterios de interese	6
Artigo 4. Créditos ECTS	6
TÍTULO PRIMEIRO. Estudos propios da UDC: descrición, características e acceso.....	7
Capítulo I. Estudos de posgrao conducentes á obtención de títulos propios da UDC.....	7
Artigo 5. Tipoloxía de estudos de posgrao propios.....	7
Artigo 6. Características e requisitos de acceso e admisión ás titulacións de másteres de formación permanente	7
Artigo 7. Características e requisitos de acceso e admisión aos títulos de especialización e de experto	9
Capítulo II. Estudos conducentes á obtención dun certificado de formación específica	9
Artigo 8. Cursos de formación específica	9
Artigo 9. Características e requisitos de acceso aos cursos de formación específica..	9
Artigo 10. Características e requisitos de acceso aos cursos de formación específica para persoas con diversidade funcional.....	10
Capítulo III. Microcredenciais e micromódulos.....	10
Artigo 11. Definición de Microcredenciais e micromódulos	10
Artigo 12. Características e requisitos de acceso a microcredenciais e micromódulos	10
Capítulo IV. Avaliación de coñecementos e recoñecemento de créditos.....	11
Artigo 13. Avaliación.....	11
Artigo 14. Avaliación nos másteres de formación permanente, diplomas de especialización e diplomas de experto.....	11

Artigo 15. Recoñecemento de créditos	12
Capítulo V. Prácticas do alumnado dos estudos propios	13
Artigo 16. Prácticas académicas externas	13
TÍTULO SEGUNDO. Organización dos estudos propios da UDC	14
Capítulo I. Da Unidade de Estudos Propios e da Comisión de Estudos Propios	14
Artigo 17. Da Unidade de Estudos Propios.....	14
Artigo 18. Da Comisión de Estudos Propios	14
Capítulo II. Da elaboración, da aprobación e da prórroga dos estudos propios.....	16
Artigo 19. Da proposta de novos estudos propios	16
Artigo 20. Do proceso de implantación.....	16
Artigo 21. Da tramitación das novas propostas	16
Artigo 22. Da denominación.....	17
Artigo 23. Da modificación dos estudos propios.....	17
Artigo 24. Do seguimento.....	18
Artigo 25. Da prórroga.....	18
Artigo 26. Da publicidade	18
Capítulo III. Dos programas interuniversitarios e das entidades colaboradoras	19
Artigo 27. Dos programas interuniversitarios	19
Artigo 28. Das entidades colaboradoras	19
Capítulo IV. Da calidade.....	19
Artigo 29. Do Sistema de Garantía de Calidade	19
Artigo 30. Das evidencias	20
Artigo 31. Do cumprimento dos procesos do SGC	20
TÍTULO TERCEIRO. Da dirección e do profesorado nos estudos propios da UDC.....	20
Artigo 32. Da dirección	20
Artigo 33. Das función da dirección	20
Artigo 34. Da compatibilidade e retribucións	21
Artigo 35. Da participación do profesorado da UDC.....	21
TÍTULO CUARTO. Da matrícula nos estudos propios da UDC	22
Artigo 36. Acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso e admisión.....	22
Artigo 37. Da preinscrición	22

Artigo 38. Do proceso de matrícula.....	23
Artigo 39. Do prezo da matrícula	23
Artigo 40. Da anulación da matrícula	24
Artigo 41. Da incompatibilidade de matrícula	24
TÍTULO QUINTO. Do réxime económico dos estudos propios da UDC	24
Artigo 42. Do orzamento	24
Artigo 43. Das modificacións do orzamento	25
Artigo 44 . Dos gastos e dos límites de gasto	26
Artigo 45. Da compatibilidade	27
Artigo 46. Da responsabilidade	27
Artigo 47. Do encargo de xestión á FUAC por encomenda	27
Artigo 48. Dos custos indirectos	27
Artigo 49. Das bolsas	28
Artigo 50. Da normativa económica e administrativa.....	28
TÍTULO SEXTO. Da expedición de títulos, de diplomas e de certificacións	28
Artigo 51. Das características de títulos	28
Artigo 52. Do nome dos títulos.....	29
Artigo 53. Da expedición	29
Artigo 54. Doutras certificados	29
Artigo 55. Dos prezos.....	29
Artigo 56. Das actas	30
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA	30
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.....	30
DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA	30
DISPOSICIÓN DERRADEIRA	30

Glosario

LOU	Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades
UDC	Universidade da Coruña
ECTS	<i>European Credit Transfer and Accumulation System</i> (Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos)
TFM	Traballo de fin de máster
EEES	Espazo europeo de educación superior
FUAC	Fundación Universidade da Coruña
UEP	Unidade de Estudos Propios
CEP	Comisión de Estudos Propios
PAS	Persoal de administración e servizos

PREÁMBULO

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, no artigo 2. g) recoñécelles ás universidades, no uso da súa autonomía, a posibilidade de impartiren estudos conducentes á obtención de diplomas e títulos propios.

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, modificado polo Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, achega no capítulo VIII os principios reitores das ensinanzas propias das universidades, no marco da formación permanente.

Os Estatutos da Universidade da Coruña determinan, no seu artigo 49, que a nosa institución «ademais de impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais, poderá establecer outras para a obtención de diferentes títulos propios, así como programas de especialización profesional e de formación permanente».

A Xunta de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión do 21 de decembro de 2000, aprobou o Regulamento de estudos de posgrao co obxecto de consolidar e de regular a súa oferta de estudos de posgrao. A modificación do marco regulador xeral, a adaptación do sistema universitario ao Espazo Europeo de Educación Superior, a implantación de programas oficiais de posgrao na Universidade da Coruña e a propia experiencia de traballo no desenvolvemento e na práctica do devandito regulamento motivaron unha actualización e unha revisión deste que se efectuou mediante acordos do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006 e do 28 de abril de 2010.

As novas disposicións legais, a traxectoria e a experiencia acumulada na tramitación dos procedementos que corresponden á aprobación e modificación dos citados títulos e o desenvolvemento das novas aplicacións informáticas aconsellan unha revisión, na súa totalidade, do regulamento vixente mediante a aprobación dunha nova norma.

Así, esta norma será de aplicación aos estudos propios da UDC, considerándose como tales aqueles estudos non establecidos con carácter oficial, que foren aprobados por esta.

TÍTULO PRELIMINAR. Natureza dos estudos propios da UDC

Artigo 1. Estudos propios da UDC

A UDC, no uso da súa autonomía e de conformidade coa lexislación vixente, poderá impartir estudos encamiñados á obtención de títulos propios e certificados coa denominación do curso respectivo. Estes títulos e certificados propios carecerán dos

efectos que as disposicións legais lles concederen aos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Distinguiranse tres tipos:

- a) Ensinanzas que requiran titulación universitaria previa e que conducirán á obtención dun título de máster de formación permanente, dun diploma de especialización ou dun diploma de experto.
- b) Ensinanzas que non requiran titulación universitaria previa e que conducirán á obtención dun certificado coa denominación do curso respectivo.
- c) Ensinanzas de curta duración na forma de microcredenciais ou micromódulos, que poden requirir ou non titulación universitaria previa e que conducirán á obtención do certificado correspondente.

Artigo 2. Marco regulamentario

Os estudos propios da UDC rexeranse polas disposicións legais vixentes que foren de aplicación, polos Estatutos da UDC e polo presente regulamento. En todo aquilo non previsto neste resultará de aplicación subsidiaria a normativa interna da UDC.

Artigo 3. Finalidade e criterios de interese

A implantación dos estudos propios terá como finalidade fornecer a formación permanente da cidadanía ao longo da vida, actualizando e ampliando os seus coñecementos, as súas capacidades e habilidades xerais, específicas ou multidisciplinares dos diversos campos do saber e responderá a criterios de interese científico, profesional, social, económico ou artístico, sen pretender substituír ou competir con aqueloutros estudos conducentes á obtención de títulos oficiais.

Artigo 4. Créditos ECTS

A carga lectiva global e os contidos dos plans de estudo (módulos temáticos, materias específicas e demais actividades formativas que se consideraren pertinentes) dos estudos propios da UDC estableceranse en créditos. Para tales efectos, entenderase como crédito o regulado no Real decreto 1125/2003 (crédito ECTS) que, ademais das ensinanzas teóricas e prácticas, inclúe outras actividades académicas dirixidas e as horas de estudo e de traballo dedicadas polo/a estudante para acadar os obxectivos propios de cada materia.

O número mínimo de horas por crédito será de 25, de acordo co establecido na Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada polo Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012 ou, de ser o caso, pola norma que a substitúa.

TÍTULO PRIMEIRO. Estudos propios da UDC: descripción, características e acceso

Capítulo I. Estudos de posgrao conducentes á obtención de títulos propios da UDC

Artigo 5. Tipoloxía de estudos de posgrao propios

A oferta de estudos de posgrao conducentes á obtención dun título universitario propio da UDC ten como obxectivo a ampliación de coñecementos e competencias, a especialización e a actualización formativa de persoas tituladas universitarias; e concrétese en tres categorías de cursos de posgrao cuxa superación dá lugar á obtención dos seguintes títulos:

- a) Máster de formación permanente
- b) Diploma de especialización
- c) Diploma de experto/a

Artigo 6. Características e requisitos de acceso e admisión ás titulacións de másteres de formación permanente

1. Os másteres de formación permanente corresponderán aos estudos de posgrao propios de maior duración e nivel, de xeito que un máster desenvolverá formación de posgrao, de carácter especializado ou multidisciplinario, dirixido a proporcionar unha alta especialización académica ou profesional. Comprenderán 60, 90 ou 120 créditos ECTS.

2. Nos másteres de formación permanente poderán definirse especialidades, entendendo como tales as que xorden da intensificación dos contidos docentes vinculados a unha área temática específica. Esta intensificación deberá xustificarse na solicitude do estudo e, para ser considerada, non deberá ser inferior aos 18 créditos ECTS e non poderá superar o 50 % do número total de créditos que compoñen o plan de estudos do máster de formación permanente.

3. O plan de estudos de todo máster de formación permanente incluírá un traballo de fin de máster (TFM), que contará cun mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 30, que terá como finalidade comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades que acadou o/a estudante, e que será imprescindible superar para obter o título. A Comisión de Estudos Propios (CEP) elaborará un regulamento de traballos de fin de estudos.

4. A superación destes estudos dará dereito á obtención dun título propio da UDC denominado Máster de Formación Permanente. En calquera caso, o alumnado que cursara estudos de máster de formación permanente e non teña dereito ao título poderá solicitar un certificado dos estudos realizados.

5. Para acceder aos estudos propios de máster de formación permanente, o estudantado deberá reunir, cando menos, un dos seguintes requisitos:

5.1 Estudantes en posesión de títulos pertencentes ao EEES ou cun título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente.

Estar en posesión dun título universitario oficial español de grao ou máster universitario ou títulos do mesmo nivel que o título español de grao ou máster expedidos por universidades e institucións de educación superior dun país do EEES que no dito país permita acceder aos estudos de máster.

5.2 Estudantes en posesión de títulos alleos ao EEES:

- O estudantado con títulos expedidos por universidades ou institucións de sistemas universitarios estranxeiros correspondentes a un país alleo ao EEES poderá acceder aos estudos propios de posgrao sen necesidade de homologación ou declaración equivalente previa do seu título, unha vez que a dirección do estudo propio realice a comprobación de que o dito estudantado acredita un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos oficiais do EEES, e que o seu título faculta no país expedidor para acceder a estudos de nivel de posgrao universitario. Para a concesión do nivel de formación equivalente, a dirección do título entregará na Unidade de Estudos Propios unha solicitude de autorización de admisión, dirixida ao/á reitor/a, tras efectuar a comprobación do nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos oficiais do EEES.
- O acceso por esta vía non implicará en ningún caso a homologación do título previo do que se estea en posesión nin o seu recoñecemento para calquera outro efecto diferente ao de cursar os estudos de posgrao.

6. Habilitarase un procedemento de matrícula condicionada para o acceso a un estudo de máster que consistirá en permitir que un/unha estudante de grao, a que lle reste por superar o traballo de fin de grao (TFG) e como máximo ata 9 créditos ECTS, poderá acceder e matricularse nun estudo de posgrao propio, mais en ningún caso poderá defender o TFM se previamente non obtivo o título de grao. Garantíraselle a prioridade na matrícula ao estudantado que dispoña do título universitario oficial de graduado/a. Neste procedemento poderanse ter en conta os créditos pendentes de recoñecemento

ou transferencia no título de grao, ou a esixencia de superación dun determinado nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título.

Artigo 7. Características e requisitos de acceso e admisión aos títulos de especialización e de experto

1. Os cursos de especialización e de experto constitúen outras categorías de estudos de posgrao conducentes a un título propio da UDC. Un curso de especialización comprenderá entre 30 e 59 créditos ECTS; un curso de experto comprenderá entre 15 e 29 créditos ECTS.
2. A superación dos estudos dun curso de especialización dará dereito á obtención dun título propio de posgrao da UDC denominado Diploma de Especialización.
3. A superación dos estudos dun curso de experto dará dereito á obtención dun título propio de posgrao da UDC denominado Diploma de Experto.
4. O alumnado que cursara estudos de especialización ou experto e non teña dereito ao título poderá solicitar un certificado dos estudos realizados.
5. Os requisitos de acceso a un curso de especialización ou experto serán os mesmos que os establecidos para o acceso a un máster de formación permanente. Non se poderá solicitar o título propio ata que se dispoña do título oficial que lle dá acceso a estes estudos.

Capítulo II. Estudos conducentes á obtención dun certificado de formación específica

Artigo 8. Cursos de formación específica

Os cursos de formación específica son estudos propios que están orientados á ampliación e actualización de coñecementos, competencias e habilidades formativas ou profesionais que contribúan a unha mellor inserción laboral.

Artigo 9. Características e requisitos de acceso aos cursos de formación específica

1. Os cursos de formación específica constitúen estudos cunha duración igual o superior a 3 créditos ECTS.
2. Non será preciso posuír unha titulación universitaria, sen prexuízo de que o proxecto de implantación do curso deberá establecer os requisitos de acceso, que deberán ser acordados cos seus fins e obxectivos.
3. A superación dun curso de formación específica dará dereito á obtención dun certificado coa denominación do curso, en que ha de figurar a carga crediticia correspondente.

Artigo 10. Características e requisitos de acceso aos cursos de formación específica para persoas con diversidade funcional

1. Os cursos de formación específica para persoas con diversidade funcional constitúen estudos cunha duración igual o superior a 3 créditos ECTS.
2. Os cursos de formación específica para persoas con diversidade funcional teñen como obxectivo fomentar o desenvolvemento profesional, a inclusión e a mellora da inserción laboral das persoas con diversidade funcional.
3. O proxecto de implantación do curso deberá establecer os requisitos de acceso, que deberán ser acordados cos seus fins e obxectivos e atender ás especiais características das persoas a que vai dirixido.
4. Poderán actuar como promotores destes cursos os órganos da universidade con competencias en responsabilidade social.
5. Primaranse as iniciativas desenvolvidas ao abeiro dun convenio de colaboración educativa con asociacións ou con entidades externas expertas no desenvolvemento persoal e profesional das persoas con diversidade funcional.
6. A superación dun curso de formación específica para persoas con diversidade funcional dará lugar á obtención dun certificado coa denominación do curso, en que ha de figurar a carga crediticia correspondente.

Capítulo III. Microcredenciais e micromódulos

Artigo 11. Definición de Microcredenciais e micromódulos

1. As microcredenciais e os micromódulos son ensinanzas propias que poden requirir ou non titulación universitaria previa, e que permiten certificar resultados de aprendizaxe ligados a actividades formativas de curta duración.

Artigo 12. Características e requisitos de acceso a microcredenciais e micromódulos

1. As microcredenciais e os micromódulos constitúen estudos cunha duración de menos de 15 créditos ECTS.
2. Os requisitos de acceso serán fixados pola dirección académica de acordo cos obxectivos da microcredencial ou micromódulo. No caso de se requirir unha titulación universitaria previa deberán cumprirse os mesmos requisitos establecidos para acceder aos títulos de especialización ou de experto. No caso de non se requirir unha titulación

universitaria previa deberán cumprirse os mesmos requisitos establecidos para acceder aos cursos de formación específica.

3. A superación dunha microcredencial ou micromódulo dará lugar á obtención dun certificado de microcredencial ou micromódulo.

Capítulo IV. Avaliación de coñecementos e recoñecemento de créditos

Artigo 13. Avaliación

1. A simple asistencia non dará lugar, en ningún caso, á obtención do título, diploma ou certificado. Con independencia da modalidade de impartición (presencial, híbrida ou virtual), os estudos propios da UDC incorporarán, necesariamente, unhas probas de avaliación complementarias ao desenvolvemento das aulas e das demais actividades académicas. A superación por parte do alumnado destas probas será unha condición necesaria para a expedición dos títulos e certificados a que fan referencia os artigos 5, 9, 10 e 12 deste regulamento.

2. Con carácter xeral, haberá unha única convocatoria con dúas oportunidades para superar os créditos que se estableceren para a obtención de cada título, diploma ou certificado.

3. A avaliación final de coñecementos de cada alumno/a concederlle unha cualificación, que se referirá á totalidade de créditos asignados para obter o título ou diploma, e que será recollida nunha acta académica colectiva que estará asinada pola dirección do curso.

4. Garantirase o dereito do estudiantado a unha formación de calidade, así como a coñecer a programación docente e os criterios de avaliación con anterioridade á matrícula, xunto co procedemento para a revisión e a reclamación das cualificacións.

Artigo 14. Avaliación nos másteres de formación permanente, diplomas de especialización e diplomas de experto

1. No caso dos másteres de formación permanente e dos diplomas de especialización e experto, deberán realizarse probas de avaliación para cada materia.

2. A avaliación final de cada materia será recollida nunha acta académica colectiva que estará asinada polo profesorado responsable da materia, co visto e prace da dirección do estudo propio. Os resultados obtidos polo alumnado en cada una das materias cualificaranse en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

0-4,9 suspenso (SS),

5-6,9 aprobado (AP),

7-8,9 notable (NT),

9-10 sobresaliente (SB).

Estes resultados recolleranse na dita acta académica.

3. Os criterios e procedementos de avaliación de cada materia ou módulo, que constarán na proposta de implantación do título, poñeranse en coñecemento do alumnado.

4. A nota media do expediente académico para a avaliación final de coñecementos de cada alumno/a calcularase de acordo coa seguinte fórmula: suma dos créditos superados multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan e dividida polo número de créditos totais superados.

5. Ao remate do curso, o/a director/a asinará unha acta colectiva en que conste todo o estudantado que cumpre todos os requisitos establecidos para a obtención do título.

6. Na proposta presentada para cada tipo de ensinanza estableceranse os criterios que regulen a programación docente e a avaliación do estudantado, así como un procedemento de extinción do plan de estudos que, de ser o caso, garanta os dereitos académicos do estudantado que se encontre cursando os ditos estudos.

Artigo 15. Recoñecemento de créditos

1. De acordo co establecido nas memorias de implantación, nos másteres de formación permanente e nos diplomas de especialización e de experto poderá recoñecerse ata o 50 % do total de créditos esixidos para a obtención do correspondente título propio por outros estudos universitarios que se realizasen con anterioridade. Non poderán ser recoñecidos os créditos que corresponden a traballos de fin de grao ou de máster.

2. Os créditos recoñecidos consignaranse no expediente xunto coa cualificación obtida na orixe. Esta cualificación de orixe poderá incorporarse a unha materia ou materias de destino no expediente do/a alumno/a; porén, tamén poderá optarse por consignar o termo «recoñecida» naquela/s materia/s nos casos que así corresponda, ben por non existir cualificación de orixe, así como noutros casos que quedan a criterio da Comisión de Estudos Propios logo dun informe da dirección do título.

3. Nestes estudos os prezos que se aboarán polo recoñecemento de créditos será o 25 % do prezo establecido de matrícula.

Capítulo V. Prácticas do alumnado dos estudos propios

Artigo 16. Prácticas académicas externas

1. Os estudos propios poderán prever a realización de prácticas académicas externas, que se poderán concretar en materias obrigatorias ou optativas que deberán detallarse na proposta de implantación ou renovación. Deberá garantirse o carácter plenamente formativo das prácticas académicas externas e que as condicións de realización por parte do estudiantado sexan as adecuadas e suxeitas ao seu interese formativo primordial. Dado o seu carácter formativo, da súa realización non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. Estas prácticas non poderán superar un terzo da carga crediticia total do curso.

2. Para a formalización destas prácticas será necesario:

- A aprobación das condicións e do procedemento de realización pola Comisión de Estudos Propios, conforme o establecido na normativa vixente da UDC e o recollido no proxecto de implantación do título.
- A aprobación e sinatura de convenios de cooperación educativa coas entidades de acollida, que recollerán o proxecto formativo que desenvolverán tales prácticas e as condicións en que se implementará.

3. A oferta e asignación de prazas será realizada pola dirección do curso. Para a adjudicación das prácticas estableceranse na proposta do título os criterios aplicables que terán como base os principios de transparencia, obxectividade e equidade.

4. No caso de prácticas remuneradas, as tarefas administrativas e económicas que comportan serán realizadas pola Fundación Universidade da Coruña (FUAC) de acordo co establecido no encargo para o apoio á xestión administrativa e económica das prácticas curriculares e extracurriculares xestionadas polos centros da UDC.

5. A entidade receptora do alumnado designará un titor ou titora de prácticas que se encargará do seguimento da aprendizaxe do/a alumno/a.

6. No reverso do título constará a duración e as entidades onde se realizaron as prácticas.

TÍTULO SEGUNDO. Organización dos estudos propios da UDC

Capítulo I. Da Unidade de Estudos Propios e da Comisión de Estudos Propios

Artigo 17. Da Unidade de Estudos Propios

A Unidade de Estudos Propios (a partir de agora UEP), integrada no Servizo de Organización Académica da UDC, será dirixida por un director ou directora que nomeará o/a reitor/a e ten como finalidade a xestión global dos estudos propios da UDC. Entre outros, son cometidos da UEP:

- a) Desenvolver aqueles procesos de xestión administrativa, académica e económica que estiveren relacionados cos estudos propios que lle foren asignados no presente regulamento.
- b) Propoñer normativas e procedementos para articular e regular a xestión dos estudos propios.
- c) Coordinar, promocionar e difundir institucionalmente a oferta de estudos propios, así como aprobar as propostas publicitarias dos cursos que se queren levar a cabo desde a dirección dos estudos.
- d) Realizar un informe preliminar sobre a idoneidade de novas propostas de estudos propios e/ou solicitudes de modificacións de cursos xa implantados.
- e) Proporcionarlles asesoramento ás persoas responsables dos cursos.
- f) Facilitarlle ao estudantado información relativa aos estudos propios.
- g) Custodiar as actas da cualificación e os expedientes do estudantado de estudos propios.
- h) Xestionar as solicitudes de expedición dos títulos propios e a súa entrega ás persoas interesadas, así como levar a cabo o correspondente rexistro de entrega de títulos.
- i) Realizar todas aquelas funcións que lle atribúe o Sistema de Garantía de Calidade da UEP.

Artigo 18. Da Comisión de Estudos Propios

1. Para o seu funcionamento ordinario, a UEP estará asistida por unha comisión con competencias en materia de estudos propios denominada Comisión de Estudos Propios (a partir de agora CEP).

2. A CEP estará integrada polo/a vicerreitor/a con competencias en materia de organización académica, en calidade de presidente/a, a persoa que dirixa a UEP, en calidade de secretaria, a persoa que ocupe a xefatura do Servizo de Organización Académica, un/unha representante dos directores dos estudos propios e cinco membros máis, profesorado doutor, de xeito que estean representados os seguintes

ámbitos: Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Humanidades, Tecnolóxico e Xurídico-Social. Estes últimos seis membros será profesorado con vinculación permanente da UDC, nomeado polo/a reitor/a por proposta do Consello de Goberno por un período de catro anos.

3. O/a secretario/a redactará a acta e dará fe dos acordos da CEP, que se adoptarán por asentimento ou por maioría simple.

4. A CEP poderase constituír e realizar as súas sesións tanto de forma presencial como a distancia. Para a súa válida constitución requirirase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia, polo menos, da metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

As convocatorias serán remitidas aos membros da CEP cunha antelación mínima de dous días hábiles, a través de medios electrónicos, e incluírá a orde do día e a documentación que corresponda, ben como o día, a hora e o lugar da sesión e mais o sistema de conexión para a asistencia a distancia.

A orde do día da sesión será fixada pola presidencia tomando en conta as solicitudes realizadas polos demais membros.

5. A CEP ten, entre outras, as seguintes competencias:

- a) Informar as propostas de nova implantación e as solicitudes de prórroga de estudos propios e enviar os informados favorablemente ao Consello de Goberno para a súa aprobación.
- b) Realizar todas aquelas funcións que lle atribúe o Sistema de Garantía de Calidade da UEP para levar a cabo o seguimento e a avaliación de calidade dos cursos propios.
- c) Aprobar as memorias finais remitidas polas persoas que ocupen a dirección dos estudos propios e as solicitudes de modificacións puntuais.
- d) Resolver calquera conflito xurdido na xestión ou no desenvolvemento dun curso propio.
- e) Resolver, co informe previo do/a director/a dos estudos, as solicitudes de recoñecementos de créditos superados, consonte co establecido no artigo 15 deste regulamento.
- f) Analizar calquera outra cuestión do ámbito dos estudos propios que fose proposta pola presidencia da comisión e, de ser o caso, adoptar os acordos que correspondan.

Capítulo II. Da elaboración, da aprobación e da prórroga dos estudos propios

Artigo 19. Da proposta de novos estudos propios

1. Os departamentos, os centros docentes, os institutos universitarios, as vicerreitorías, os campus de especialización e a CEP poderán propor, no prazo que se establecer, a posta en marcha de estudos propios. En calquera caso, cando foren máis dun os propoñentes, designarase un deles como unidade académica que autorizará a proposta aínda que todos os implicados deberán ser informados.

2. Por petición de entidades externas poderán propoñerse para a súa impartición estudos propios dirixidos a profesionais dun colectivo determinado. Os aspectos particulares de desenvolvemento do estudo, incluídos os requisitos académicos e económicos, estableceranse nun convenio entre a entidade externa e a UDC.

Artigo 20. Do proceso de implantación

As propostas de novos cursos irán acompañadas dun proxecto de implantación, cuxos contidos mínimos serán aprobados pola CEP despois da aprobación deste regulamento e pola información complementaria que se estimar oportuna. A proposta irá asinada polo profesorado proposto para dirixir o curso.

Artigo 21. Da tramitación das novas propostas

1. Para a súa tramitación, as propostas de novos cursos propios serán remitidas á UEP nos prazos que, para tales efectos, se estableceren e que a propia UEP difundirá coa suficiente antelación. No caso de cursos de formación específica, microcredenciais e micromódulos, poderáselle solicitar á CEP a tramitación dunha nova proposta noutras datas coa indicación das razóns que non fixeron posible a súa presentación nas datas ordinarias. Neste caso, a Comisión analizará se procede ou non admitir a trámite a solicitude.

2. As propostas deberán recibir un informe da CEP. A Comisión poderá requirir a información complementaria que estimar conveniente para unha mellor análise da proposta. As propostas informadas favorablemente serán sometidas á aprobación do Consello de Goberno. Caso de o informe ser desfavorable, as propostas serán devoltas aos propoñentes xunto cunha copia do informe razoado da Comisión que xustifique a súa devolución.

3. No caso dos másteres de formación permanente, con anterioridade á súa aprobación polos órganos de goberno, deberase contar preceptivamente cun informe favorable do Sistema Interno de Garantía da Calidade da universidade, que terá carácter vinculante.

4. A UEP informará ao órgano da universidade encargado dos estudos oficiais de posgrao, para o seu coñecemento, das propostas de implantación de novos estudos propios que requiran titulación universitaria previa.

5. Tras a aprobación ou a denegación do curso propio por parte do Consello de Goberno, comunicarase ao solicitante da implantación do estudo, a través da UEP, de forma oficial e razoada, a decisión que se tomou. O propoñente asumirá o desenvolvemento do curso ou presentará, se o estimar oportuno, unha proposta modificada que será novamente analizada.

5. A UEP comunicaralle á Sección de Títulos os cursos aprobados polo Consello de Goberno, así como as súas modificacións.

Artigo 22. Da denominación

1. Non poderán ser aprobados dous ou máis cursos propios con denominación, obxectivos ou contidos substancialmente coincidentes.

2. Non poderá ser aprobado un curso propio que poida confundirse con algún título universitario oficial da UDC ou algunha das titulacións oficiais ofertadas polos centros de formación profesional de grao medio ou grao superior.

Artigo 23. Da modificación dos estudos propios

1. Logo de o Consello de Goberno aprobar a creación dun novo curso propio, calquera modificación deberá ser informada á UEP.

2. Cando as modificacións alteren substancialmente o proxecto de implantación inicial, a CEP deberá autorizalas expresamente e poderá decidir sometelas a consideración do Consello de Goberno, o que realizará, en calquera caso, cando as modificacións afectaren aos seguintes puntos:

- a) a denominación do curso e/ou do título,
- b) a unidade académica responsable do curso e/ou director/es do curso,
- c) a modalidade de impartición,
- d) o plano académico e/ou distribución dos créditos,
- e) o importe da matrícula,
- f) as condicións de acceso e/ou admisión requiridas para os estudantes, e
- g) as entidades colaboradoras e/ou entidade encargada da xestión económica do curso.

As solicitudes de modificación presentaranse, debidamente xustificadas, na UEP cunha antelación mínima de tres meses respecto do comezo da edición do curso onde se pretenden introducir as modificacións que se solicitaren.

Artigo 24. Do seguimento

1. No prazo máximo de tres meses despois da data de finalización dun curso propio, o/a director/a deste presentará na UEP unha memoria segundo o modelo normalizado que lle facilitará esta unidade. Esta memoria final do curso deberá levar o visto e prace da dirección da unidade académica responsable e conterá, como mínimo, os seguintes puntos:

- a) a relación de estudantes con dereito a título;
- b) as evidencias, indicadores e plans de mellora que establece o Sistema de Garantía de Calidade da UEP. De non ser aplicable o SGC ao curso, os resultados da enquisa sobre o curso feita polo estudiantado;
- c) o balance económico detallado e certificado pola entidade xestora cando esta sexa allea á UDC;
- d) as incidencias ocorridas no desenvolvemento do estudos; e
- e) a relación de modificacións solicitadas para introducir na seguinte edición.

2. A memoria será supervisada pola CEP que revisará o cumprimento dos fins previstos e emitirá o correspondente informe.

Artigo 25. Da prórroga

1. A UEP establecerá e difundirá coa debida antelación os prazos en que a dirección dos cursos debe solicitar a prórroga para realizar unha nova edición. A solicitude realizárase segundo o modelo normalizado facilitado pola UEP.

2. As solicitudes deberán recibir un informe da CEP. A Comisión terá en conta a información achegada, a memoria final da última edición do curso xa rematada e, de ser o caso, as evidencias, os indicadores e os plans de mellora establecidos polo Sistema de Garantía da Calidade da UEP, e poderá, así mesmo, requirir a información complementaria que estimar conveniente. As solicitudes informadas favorablemente serán sometidas a aprobación do Consello de Goberno, que decidirá se procede ou non a renovación do curso. Caso de o informe ser desfavorable, as solicitudes de renovación serán devoltas aos solicitantes xunto cunha copia do informe razoado da Comisión que xustifique a súa devolución.

Artigo 26. Da publicidade

Ao inicio de cada curso académico a UDC dará a coñecer a súa oferta de estudos propios. Toda a publicidade deberá respectar o disposto na guía de identidade corporativa da UDC.

Capítulo III. Dos programas interuniversitarios e das entidades colaboradoras

Artigo 27. Dos programas interuniversitarios

1. A UDC poderá organizar estudos propios conxuntamente con outras universidades, para o que será preceptivo a sinatura dun convenio coas universidades participantes. En calquera caso, a participación da UDC deberá ser, cando menos, similar á das outras universidades organizadoras.

2. A elaboración, os requisitos e a aprobación do estudo deberá axustarse ao establecido neste regulamento. Excepcionalmente, cando o interese social e a relevancia académica e profesional do proxecto así o xustificar, o Consello de Goberno, logo do informe da CEP, poderá autorizar a implantación dun curso cuxas particularidades consten no propio convenio, que formará parte da proposta presentada para informe.

3. O convenio subscrito para os efectos da organización conxunta dun curso propio deberá especificar como mínimo o seguinte:

- a) a/as universidade/s responsable/s da tramitación dos expedientes;
- b) a/as universidade/s responsable/s do sistema de garantía de calidade;
- c) a/as entidade/s que asumirán a xestión económica; e
- d) se cada universidade expedirá o título propio ou ben se expedirá e rexistrará un único título conxunto recoñecido pola totalidade de universidades participantes.

Artigo 28. Das entidades colaboradoras

1. A participación de institucións, de entidades ou de organismos públicos ou privados alleos á UDC nos estudos propios realizarase mediante a sinatura dun convenio específico de colaboración. Este recollerá a constitución dunha comisión de seguimento que estará integrada por representantes de todas as partes signatarias do convenio na proporción que o convenio establecer.

2. As directrices dos convenios de colaboración entre entidades externas e a UDC deberán regularizarse mediante un acordo do Consello de Goberno por proposta da Comisión de Estudos Propios.

Capítulo IV. Da calidade

Artigo 29. Do Sistema de Garantía de Calidade

1. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) está constituído por procesos clasificados en dimensións a que lles aplica o ciclo de mellora continua, de forma individual e no seu

conxunto: planificar, facer, verificar e actuar. Todas as actividades se planifican; desenvólense segundo o planificado ou coas actualizacións que xurdiren e deixando constancia destas; compróbase o éxito obtido nas ditas actividades; e propónse a súa continuidade por medio das correspondentes accións de mellora derivadas da análise anterior.

O obxectivo principal que se persegue coa aplicación do ciclo de mellora continua é realizar unha xestión eficaz das actividades desenvolvidas e mostrar os resultados para render contas á sociedade.

2. Integranse no SGC da área académica os másteres de formación permanente, os cursos de especialización e de experto, e as microcredenciais e micromódulos.

Poderán ser incorporados ao SGC outros estudos propios cuxa entidade así o recomende.

3. A CEP aprobará o manual do SGC da UEP e os procesos de calidade aplicables.

Artigo 30. Das evidencias

1. A dirección dos cursos e a UEP deberán garantir a preservación das evidencias de calidade que se establezan no SGC.

Artigo 31. Do cumprimento dos procesos do SGC

1. A CEP avaliará o cumprimento dos procesos do SGC segundo as competencias que lle atribúe o propio SGC.

2. O incumprimento nun estudo do establecido no SGC poderá comportar a non renovación dos estudos ou a denegación de novas peticións.

TÍTULO TERCEIRO. Da dirección e do profesorado nos estudos propios da UDC

Artigo 32. Da dirección

1. Na dirección de cada curso propio deberá haber, cando menos, unha persoa pertencente ao profesorado con vinculación permanente da UDC. Para os másteres de formación permanente, ademais, esta persoa deberá estar en posesión do título de doutor/a.

2. Cando un curso propio se organizar en colaboración con algunha entidade allea á UDC, será posible a incorporación de ata un máximo de dúas persoas alleas á UDC á súa dirección.

Artigo 33. Das funcións da dirección

Entre outras, serán funcións da dirección do curso as que seguen:

- a) Presentar a solicitude e o proxecto de implantación.
- b) Dar cumprimento aos obxectivos do curso e garantir a súa realización consonte ao previsto.
- c) Atender ao correcto desenvolvemento das actividades académicas planificadas.
- d) Xestionar o orzamento.
- e) Asinar as actas académicas.
- f) Solicitar as modificacións e os recoñecementos que se estimaren oportunas.
- g) Certificar a docencia do persoal que interveña na impartición do curso.
- h) Realizar todas aquelas funcións e elaborar todas as evidencias, indicadores e plans de mellora que lle atribúe o Sistema de Garantía de Calidade da UEP.
- i) Presentar as memorias de seguimento, que deberán ser previamente aprobadas pola correspondente unidade académica responsable.
- j) Solicitar, se for o caso, a prórroga do curso.
- k) Aquelas outras funcións atribuídas polo presente regulamento.

Artigo 34. Da compatibilidade e retribucións

1. O profesorado da UDC poderá dirixir, como máximo, un curso dos establecidos no capítulo I, do título primeiro conducente a un ou varios títulos propios.
2. No caso dos cursos establecidos nos capítulos II e III, do título primeiro, un/unha profesor/a da UDC poderá dirixir varios cursos sempre que non superen a cifra total de 30 créditos ECTS. No caso dos cursos de formación específica para persoas con diversidade funcional, a cifra total poderá alcanzar os 72 créditos ECTS.
3. As tarefas de dirección dun curso propio poderán ser retribuídas.
 - a. Na dirección dun máster de formación permanente, a devandita retribución non poderá superar en cada curso o complemento anual que establece a UDC para as tarefas de coordinación dun máster universitario.
 - b. Nas direccións de diplomas de especialización e experto as retribucións non superarán en cada curso a metade do devandito complemento.
 - c. Nas direccións de cursos de formación específica, microcredenciais e micromódulos as retribucións non superarán a sexta parte do devandito complemento.

Artigo 35. Da participación do profesorado da UDC

1. Procurarase que, polo menos, a cuarta parte dos créditos programados para un curso propio sexa impartida por profesorado da UDC. Porén, cando o contido do curso ou a relevancia do profesorado así o xustificar, o Consello de Goberno, logo do informe da CEP, poderá flexibilizar esta proporción.

2. Para os másteres de formación permanente procurarase que, cando menos, o 60 % da docencia sexa impartida por doutores/as. Porén, cando o contido do curso ou a relevancia do profesorado así o xustificar, o Consello de Goberno, logo do informe da CEP, poderá flexibilizar esta proporción.

3. Para evitar que redunde negativamente na calidade da docencia, un/unha profesor/a da UDC poderá impartir como máximo 75 horas lectivas por curso académico neste tipo de estudos.

TÍTULO CUARTO. Da matrícula nos estudos propios da UDC

Artigo 36. Acreditación do cumprimento dos requisitos de acceso e admisión

1. As persoas aspirantes a cursaren estudos propios na UDC deberán reunir os requisitos que se sinalan con carácter xeral nos capítulos I, II e III do título primeiro deste regulamento e os específicos que se establezan para cada curso no correspondente proxecto de implantación.

2. O cumprimento dos requisitos de acceso a todos os estudos acreditarase na preinscrición mediante copias simples da documentación necesaria, acompañada da declaración responsable da persoa interesada segundo o modelo que proporcionará a UEP.

3. Con carácter excepcional a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica, por petición da dirección do estudo propio, poderá autorizar unha matrícula condicional para aquel alumnado que non poida presentar, por causas motivadas, a documentación acreditativa do acceso e admisión. Neste caso, cando sexa autorizada esta matrícula condicionada, o alumnado que non entregue a dita documentación antes da finalización dos estudos non terá dereito á expedición do título nin á devolución do importe satisfeito en concepto de matrícula.

Artigo 37. Da preinscrición

1. A responsabilidade sobre a inscrición e a selección do estudantado, así como sobre os criterios de asignación das bolsas que se oferten corresponderalle á dirección dos estudos, que deberá axustarse en todo momento á lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. A dirección dos estudos deberá proceder segundo se establece no proceso de captación, selección, admisión e perfil de ingreso do Sistema de Garantía de Calidade da UEP.

3. A dirección dos estudos deberalle remitir a documentación á UEP para a matriculación definitiva.

4. Nos cursos de formación creados por petición de entidades externas atenderase ao establecido no convenio de implantación do curso.

Artigo 38. Do proceso de matrícula

1. A matrícula e a xestión de expediente correspóndelle á UEP.

2. A matrícula deberá realizarse segundo o procedemento que a UDC considerar máis axeitado, de acordo co establecido no proxecto de implantación do curso propio e axustándose no posible ao establecido con carácter xeral para as titulacións oficiais para cada curso.

3. O alumnado deberá matricularse da totalidade dos créditos que figuren na programación do título para o ano académico.

4. Admitirase o pagamento da matrícula por unha entidade logo da formalización do correspondente convenio e sempre que cada un dos alumnos conte cunha autorización individual en que se reflicta o importe da matrícula do curso. Tamén se poderá admitir o pagamento mediante a expedición dunha factura por petición da empresa, institución ou do propio alumno ou alumna no caso de se tratar dun profesional.

5. A admisión, matrícula e xestión de expedientes nos títulos interuniversitarios será o que estableza o convenio asinado.

6. O estudantado matriculado en estudos propios da UDC terá dereito ao uso das instalacións e dos servizos universitarios nas mesmas condicións que o alumnado de estudos oficiais durante o período de impartición do curso.

Artigo 39. Do prezo da matrícula

1. A efectividade da matrícula queda condicionada ao pagamento dos prezos establecidos e ao resultado favorable da comprobación pola Universidade.

2. No prezo de matrícula poderán establecerse descontos para colectivos, nomeadamente:

- a) Profesorado e PAS da UDC.
- b) Alumnado de titulacións oficiais da UDC.
- c) Ex-alumnado da UDC que dispoña dunha titulación oficial da UDC.
- d) Membros dos colectivos das entidades colaboradoras se así se establece no convenio para a organización do curso.
- e) Familias numerosas.
- f) Persoas con discapacidades.
- g) Vítimas de actos terroristas.
- h) Vítimas de violencia de xénero.

No caso dos cursos por petición de entidades externas, atenderase ao establecido no convenio asinado.

3. Unha vez efectuado o ingreso só procederá a devolución nos seguintes casos:

- a) Por cancelación das ensinanzas ou outras causas imputables a UDC.
- b) No caso de se producir o ingreso por erro.
- c) Outros casos de carácter excepcional e causados por circunstancias sobrevidas, así considerados pola CEP.

4. Os prezos de expedición de certificados, de recoñecementos e de expedición dos títulos serán aprobados, por instancia do Consello de Goberno, polo Consello Social da UDC.

Artigo 40. Da anulación da matrícula

1. A anulación da matrícula, antes do comezo das aulas, poderá solicitarse mediante un escrito razoado dirixido á dirección do curso no prazo máximo de 15 días despois de finalizado o prazo de matrícula.

2. A anulación da matrícula, logo de comezar o curso, non dará dereito á devolución dos prezos aboados, agás nos casos sinaladas no artigo anterior.

3. A matrícula quedará sen efectos por falta de pagamento ou cando a UEP, no proceso de revisión de cumprimento dos requisitos de matrícula, emita un informe negativo.

4. As comisións bancarias derivadas da posible devolución do prezo de matrícula correrán por conta do/a alumno/a.

Artigo 41. Da incompatibilidade de matrícula

Ningunha persoa con implicación nas tarefas docentes dun curso propio poderá matricularse no devandito curso.

TÍTULO QUINTO. Do réxime económico dos estudos propios da UDC

Artigo 42. Do orzamento

1. Os estudos propios funcionarán en réxime de autofinanciamento e deberán axustarse na súa memoria económica ás disposicións legais vixentes e ao que establecen os Estatutos da UDC. O seu financiamento realizarase mediante os prezos de matrícula, subvencións (públicas ou privadas), así como a través doutros medios económicos que sexan previstos no correspondente convenio coas entidades públicas e privadas colaboradoras, se for o caso.

2. A memoria económica, no modelo normalizado proporcionado pola UEP, conterá unha descrición detallada do orzamento de ingresos e gastos previstos.

3. No orzamento, que se integrará na proposta do título, deberán concorrer os orzamentos de equilibrio, e dicir, que a previsión de ingresos sexa igual á previsión de gastos, e realismo, é dicir, con indicación dos ingresos de matrícula e dos previstos pola sinatura de convenios. O orzamento actualizarase en cada edición do estudo segundo as novas previsións e a realidade de edicións pasadas.

4. Para o cumprimento das indicacións anteriores, na proposta do título e nas súas renovacións deberá figurar:

- a) O número mínimo de alumnado que garanta a súa viabilidade económica.
- b) Os diferentes conceptos tanto de ingresos como de gastos.

5. Unha vez aprobado o curso, a xestión dos gastos respectará os importes ao nivel de subconcepto económico acordado e daranse explicacións na memoria final do curso das desviacións.

6. Calquera modificación na proposta do curso que repercuta no orzamento aprobado necesitará a autorización da CEP antes da súa execución.

7. Terán a consideración de ingresos os procedentes das matrículas e das subvencións públicas ou privadas sobre os cales se aplicará a retención de custos indirectos establecida con carácter xeral. Estes custos indirectos calcúlanse sobre o seu importe descontando as bolsas concedidas.

8. Non terán a consideración de ingresos do título os derivados da realización de prácticas do alumnado, nin os derivados de remanentes doutras edicións deste mesmo estudo propio.

9. Cando unha institución solicite a tramitación do pagamento das matrículas do alumnado do curso mediante unha factura, a UDC considerará as matrículas como provisórias ata que se realice o ingreso da factura no prazo que se determine e se comprobe a documentación do alumnado.

Artigo 43. Das modificacións do orzamento

1. Calquera modificación no orzamento dun curso deberá ser autorizada pola Comisión e comunicada á entidade responsable da xestión económica do curso.

2. No suposto de ser necesario efectuar axustes no orzamento, nunca poderán ser do prezo da matrícula aprobado na memoria nin supor un incremento das retribucións por hora do profesorado ou das persoas directoras, codirectoras e coordinadoras.

3. Unha vez finalizado o prazo de matrícula e coñecida a súa contía ou a da subvención, axuda ou contraprestación do título, a dirección deberán reelaborar o orzamento no caso de obter ingresos por un importe inferior ou superior ao fixado na proposta, e

acadar así un axuste exacto entre os gastos e os ingresos efectivos. Se pese ao anterior continúa o superávit, a CEP poderá decidir incorporalo á retención por custos indirectos ou trasladalo á seguinte edición.

Artigo 44 . Dos gastos e dos límites de gasto

1. Son gastos que poden ser imputados nas partidas orzamentarias os seguintes:

- a) Retribucións por dirección e coordinación de persoal propio da UDC.
- b) Retribucións por dirección e coordinación de persoal externo á UDC.
- c) Retribucións de docencia de persoal propio da UDC.
- d) Retribución de docencia de persoal externo a UDC pertencente a outras universidades.
- e) Retribución de docencia de profesionais externos a universidades.
- f) Retribución do persoal de administración e servizos. O PAS da UDC poderá colaborar nas tarefas administrativas e de xestión específicas dos estudos propios. Estas tarefas desenvolveranse fóra da xornada habitual e serán retribuídas á marxe da súa retribución ordinaria, de acordo coa normativa vixente e con cargo ao orzamento do estudo propio.
- g) Contratación de persoal de apoio ao curso. As retribucións e contratacións de persoal de apoio será realizada pola FUAC seguindo os seus propios procedementos, atendendo ao indicado na memoria de implantación ou renovación do estudo propio.
- h) Axudas de custo e locomoción de todo o persoal docente do título por desprazamentos necesarios para impartir a súa docencia, sempre con documentos xustificativos.
- i) Bens correntes (funxibles, inventariables e material didáctico) e servizos relacionados directamente coa docencia, incluídas licenzas temporais de software.
- j) Custos de elaboración de material docente como pode ser a produción de materiais audiovisuais.
- k) Custo do alugueiro ou do uso de instalacións externas á UDC.
- l) Gasto da póliza de seguro.
- m) Gastos en atencións protocolarias entendidas necesarias e nunha porcentaxe mínima respecto do orzamento total.
- n) Aqueloutros gastos necesarios para desenvolver un curso que serán valorados pola CEP.

2. Non terán a consideración de gastos do título propio os seguintes:

- a) Axudas de custo e locomoción do alumnado para a realización de prácticas ou doutras actividades académicas. De ser necesario o seu traslado a outra

localidade para tal fin, poderase cubrir o gasto mediante a presentación dunha factura onde figuren os custos de desprazamento, aloxamento ou comida e sempre que esta actividade estivese recollida na proposta do título.

- b) Importe de inscricións e gastos asociados á asistencia a congresos de profesorado ou de alumnado, agás que na proposta do título figure como activade que se vai realizar.

Artigo 45. Da compatibilidade

A autorización de estudos propios por parte do Consello de Goberno implicará a concesión automática para o profesorado da UDC da compatibilidade a que se refire o RD 1930/1984 e os Estatutos da UDC, tanto para as actividades docentes como para a percepción das retribucións que por iso lles correspondan, segundo a normativa vixente.

Artigo 46. Da responsabilidade

A dirección do estudo responderá da adecuada execución do orzamento aprobado e de calquera obriga ou prexuízo que se derivaren da súa actuación, de acordo co que para o efecto dispoña a lexislación vixente; a Universidade da Coruña poderá resarcirse dos danos que lle foren causados como consecuencia da actuación daquela.

Artigo 47. Do encargo de xestión á FUAC por encomenda

1. A xestión económica dun curso será exercida pola FUAC, de acordo coa encomenda de xestión asinada polo/a reitor/a, en que se indica de forma explícita a porcentaxe retida pola FUAC a respecto do orzamento total do estudo. A FUAC será responsable do axeitado cumprimento do orzamento que se aprobar para o estudo.

2. O importe correspondente á matrícula dos estudos propios será ingresado na entidade financeira que a FUAC designe para tal efecto e corresponderalle a esta a xestión dos pagamentos, por instancia da dirección dos estudos, conforme este regulamento e os orzamentos aprobados.

Artigo 48. Dos custos indirectos

1. A UDC e a FUAC percibirán unha porcentaxe do total dos ingresos de acordo co estipulado no cadro 1.

Cadro 1. Porcentaxes retidas pola UDC sobre os ingresos totais

	UDC	FUAC (xestión delegada económico-administrativa)	FUAC (secretaría técnica)
Másteres de formación permanente e diplomas de especialización e de experto	7 %	5 %	2,5 %

Cursos de formación específica, microcredenciais e micromódulos	5 %	5 %	2,5 %
---	-----	-----	-------

2. Para o cómputo das porcentaxes que se recollen no cadro 1, o custo individual da matrícula será o que se recolle no proxecto de implantación ou en posteriores modificacións aprobadas polo Consello de Goberno.

3. A porcentaxe retida pola UDC segundo o cadro 1 distribuirase como segue: a unidade académica responsable recibirá o 1,25 % dos ingresos, o centro onde se imparte o curso recibirá o 1,25 % dos ingresos e o resto destinarase para o financiamento de gastos xerais da UDC. Nos casos en que o curso se imparta en instalacións alleas á universidade, a porcentaxe que se destinar ao centro de impartición pasará a incrementar a porcentaxe da unidade académica responsable, de xeito que a esta lle corresponderá un 2,5 % dos ingresos.

Artigo 49. Das bolsas

Os orzamentos dos cursos conducentes a títulos propios de posgrao (másteres de formación permanente e diplomas de especialización e de experto) deberán financiar, en maior ou menor contía, unhas bolsas de matrícula para un determinado número de estudantes admitidos/as. A porcentaxe de prazas para persoas bolseiras non será inferior ao 10 % do número de estudantado matriculado e a contía das bolsas será como mínimo o 50 % do prezo da matrícula.

Artigo 50. Da normativa económica e administrativa

A xerencia e a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica, a través da UEP, poderán ditar as instrucións económicas e administrativas que estimaren oportunas co obxecto de instrumentar o réxime económico dos estudos propios.

TÍTULO SEXTO. Da expedición de títulos, de diplomas e de certificacións

Artigo 51. Das características de títulos

1. Os títulos propios de posgrao a que se refire o artigo 5 do presente regulamento serán expedidos polo/a reitor/a e irán asinados por este/a, pola persoa responsable da Sección de Títulos e pola persoa interesada. A sinatura do/a reitor/a poderá figurar impresa. O seu formato e os seus contidos serán determinados pola UDC e causarán constancia rexistral no Rexistro de Títulos Propios de Posgrao establecido pola UDC, con carácter centralizado e en análogas condicións de identificación, custodia, certificación e carácter público que o rexistro de títulos oficiais.

2. Os certificados a que se refiren os artigos 9, 10 e 12 deste regulamento serán expedidos pola dirección de cada curso, causarán constancia rexistral nun rexistro habilitado para tal efecto na UEP e irán asinados polo/a vicerreitor/a con competencias

en materia de organización académica, ou pola persoa en quen delegar, e polo/a director/a do curso.

3. As microcredenciais e micromódulos a que se refire o artigo 14.3 do presente regulamento serán expedidas pola dirección de cada microcredencial e micromódulo, causarán constancia rexistral nun rexistro habilitado para tal efecto na UEP e irán asinadas polo/a vicerreitor/a con competencias en materia de organización académica, ou pola persoa en quen delegar, e polo/a director/a do curso.

Artigo 52. Do nome dos títulos

1. En ningún caso a denominación dos diplomas ou dos títulos propios poderá coincidir coa dos oficiais, nin inducirá a confusión con eles.

2. No reverso dos títulos propios e dos diplomas figurará a relación de materias e de créditos superados. Se for o caso, nos títulos de máster de formación permanente farase constar, canda a denominación do título, a especialidade pola que se emite o título.

Artigo 53. Da expedición

A solicitude de expedición dos títulos propios presentarase na UEP acompañada da documentación que se estableza.

Artigo 54. Doutras certificados

1. O estudantado que realizase módulos independentes dalgún curso poderá, se así o requirise, obter un certificado de aptitude logo de superar as probas de avaliación correspondentes. A expedición do certificado será efectuada pola dirección do curso e levará a sinatura do/a vicerreitor/a con competencias en materia de organización académica. O certificado recollerá de forma explícita o número total de créditos que se superasen, así como a súa división por materias e as cualificacións obtidas en cada materia.

2. O estudantado poderá requirir un certificado que recolla o número de créditos que cursase e a súa división por materias. A expedición do certificado será efectuada pola dirección do curso e levará a sinatura do/a vicerreitor/a con competencias en materia de organización académica.

Artigo 55. Dos prezos

Para a expedición pola UDC de certificados e de títulos propios será necesario realizar o pagamento dos correspondentes prezos que, por instancia do Consello de Goberno, serán aprobados polo Consello Social da UDC.

Artigo 56. Das actas

Para os efectos da expedición dos títulos, a dirección do estudo deberá depositar as actas académicas colectivas ás que se refire o artigo 13 antes de transcorrer un mes que se contará desde o remate do estudo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Todos os estudos propios que se impartan no curso 2023/24 e os que se autoricen a partir de xaneiro de 2023 rexeranse polo presente regulamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Facúltase a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica para a interpretación desta norma e o ditado daquelas instrucións que procedan ao respecto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

As referencias á Unidade de Estudos Propios de Posgrao e á Comisión de Estudos Propios de Posgrao contidas nas normas universitarias vixentes entenderanse referidas á Unidade de Estudos Propios e á Comisión de Estudos Propios, respectivamente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento publicarase no taboleiro da sede electrónica da UDC.